

## **PRINCIPAIS MEDIDAS DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 QUE SE IMPLANTARÁN NO CENTRO:**

No CPI Castro Baxoi estamos a traballar para recibir ao alumnado da maneira máis segura posible. O centro ten que cumprir co protocolo establecido pola Consellería de Educación, polo que moitas das medidas son de obrigado cumprimento en toda Galicia. Estas medidas son excepcionais para este curso e forman parte do “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” que se está a elaborar.

Agradecemos de antemán, polo ben de todos e todas, a súa comprensión e colaboración.

### **Medidas de hixiene e distanciamento social:**

- O uso da máscara é obrigatorio en todo momento para o persoal do centro e o alumnado de Educación Primaria e Secundaria. En Infantil empregárase sempre que sexa posible.
- O alumnado traerá unha máscara de reposto e un estoxo específico para gardala (pode ser unha bolsa de tea ou un neceser, por exemplo).
- Cando pase o tempo máximo de utilización da máscara (a maioría de fabricantes de máscaras recomendan 4 horas) o alumno/a substituirá a máscara pola de recambio.
- Haberá dispensadores de xel hidroalcohólico en todas as aulas, aseos e resto de estancias. Todo o alumnado e persoal lavará as mans á entrada, ao ir ao aseo, merendar, etc. Tamén haberá en todas as estancias desinfectante e papel.
- As portas e fiestras das aulas estarán abertas continuamente o máximo que permitan as condicións climatolóxicas.
- O alumnado non compartirá material, merendas, etc. Tan só aquel imprescindible que considere o profesorado, e que deberá ser desinfectado ou posto en corentena antes do seu uso por outra persoa.
- En todos os desprazamentos polo centro o alumnado gardará a distancia de seguridade de 1,5 m entre si.
- Retírase das aulas todo o mobiliario non imprescindible para aumentar a distancia entre pupitres.
- Haberá un protocolo de limpeza e desinfección, que incluírá unha quenda de mañá.
- O profesorado explicará ao alumnado as medidas de hixiene e distanciamento social, adaptados á súa idade.
- No centro haberá cartelería e sinalización para axudar a cumprir as medidas.

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento ou corentena.
- No caso de que durante a xornada escolar un alumno/a comece a desenvolver síntomas compatibles coa COVID-19 levarase a unha sala separada e contactarase coa familia, quen deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.
- O persoal do centro foi sometido a un test serolóxico o día 1 de setembro.

#### **Medidas de acceso ao centro:**

- A atención ao público público da secretaría do centro será con cita previa entre as 9:15 e 13:15. Non se darán citas nos horarios de recreo e cambios de clase.
- Os horarios do transporte escolar non varían.
- Para facilitar a autonomía do alumnado, cada autobús estacionará sempre no mesmo punto da rúa e estará identificado cunha cor e un símbolo (por exemplo, liña amarela).
- A beirarrúa dereita de acceso ao centro (a que ten a marquesiña) queda reservada, durante os horarios de entrada e saída, para o alumnado usuario do transporte escolar.
- Rogamos que nos accesos ao colexio se respecte sempre a distancia de 1,5 m con outras persoas, que non se fagan aglomeracións e que non obstaculicen o paso.

#### **Medidas organizativas:**

- Recomendamos encarecidamente que todos os proxenitores instalen no seu teléfono a aplicación abalarMóbil para facilitar a comunicación co centro e o profesorado.
- As reunións de titoría serán sempre por teléfono ou videoconferencia, agás que dende o centro se considere imprescindible a presencialidade. Será necesario solicitar cita e recomendamos que se faga a través da aplicación abalarMóbil.
- O profesorado pode comunicar outras medidas, como material, merendas, etc.

### Medidas pedagógicas e emocionais:

- O profesorado terá en conta as aprendizaxes non adquiridas durante o 3º trimestre do curso pasado.
- Levarase a cabo un plan de acollida para ter en conta os aspectos emocionais do alumnado nesta volta ao cole diferente á habitual.
- Ao comezo do curso prepararase a aula virtual e formarase ao alumnado en ferramentas dixitais para estar preparados no caso de pasar a un ensino non presencial.

### Educación Infantil:

- Cada grupo-clase conformará un grupo estable de convivencia e non terá contacto con outros grupos.
- Recomendamos, na medida do posible, que os nenos/as veñan habituados a usar a máscara.
- O recreo será no horario habitual, pero cada grupo-clase terá unha zona delimitada para non estar en contacto cos nenos/as dos outros grupos. Esta zona será rotatoria. O parque estará precintado e non poden traer xoguetes da casa, xa que é probable que os compartan.
- O alumnado que vén ao centro acompañado **dun** familiar entrará polo portalón de abaixo (na esquina do colexio ao final da rúa) a partir das 8:50 e agardará diante da porta da súa aula mantendo a distancia de seguridade (hai marcas no chan para tal fin). A titora abrirá a porta aproximadamente ás 9:00, xa que está na entrada principal agardando ao alumnado que vén en autobús.
- A persoa acompañante ten que levar posta a máscara. Na zona de espera hai dispensadores de xel polo que ambas persoas realizarán unha desinfección de mans.
- O alumnado estará na aula disposto, de forma xeral, en grupos de 5 nenos/as, que non cambiarán durante o curso. Os grupos estarán distanciados doutros grupos un mínimo de 1,5 m.
- O horario de comedor será de 13:30 a 14:15. Despois os nenos/as estarán no patio ata que sexan recollidos polos familiares.
- A saída do centro será ás 13:30. Os familiares entrarán de novo polo portalón de abaixo e agardarán diante da porta da aula gardando a distancia de seguridade nas marcas feitas para tal fin. Para saír baixarase polas escaleiras do ximnasio e sairase cara ao portalón pola porta lateral do ximnasio.

### Educación Primaria:

- Cada grupo-clase conformará un grupo estable de convivencia e non terá contacto con outros grupos.
- Dentro das aulas os nenos/as gardarán a máxima distancia posible entre si e se situarán todos mirando cara ao encerado.
- A entrada será no horario habitual polo portalón principal a partir das 8:45. O alumnado dirixirase directamente cara á súa aula, onde lle agardará a mestra ou mestre có que teña clase a primeira hora. Haberá profesorado controlando a entrada, corredores e aseos.
- O alumnado poderá ser acompañado só ata o portalón de entrada. Haberá marcas na calzada para ter un “carril” de entrada e outro de saída.
- O recreo divídese en dúas quendas: 1º, 2º e 3º no horario habitual (11:50) e 4º, 5º e 6º a continuación (12:20). A duración é de 25 minutos.
- No recreo, cada grupo-clase terá unha zona delimitada para non estar en contacto nenos/as diferentes grupos. Esta zona será rotatoria.
- O servizo de comedor terá dúas quendas: ás 14:15 e ás 15:00. O resto do tempo estarán no patio.
- A saída será escalonada para evitar aglomeracións:
  - 13:30 – 1º Primaria.
  - 13:35 – 2º Primaria.
  - 13:40 – 3º Primaria.
  - 13:45 – 4º Primaria.
  - 13:50 – 5º Primaria.
  - 13:55 – 6º Primaria.
- Os familiares que veñan buscar aos seus fillos/as na saída deben gardar a distancia de seguridade, evitando vir antes de tempo para non obstaculizar a saída dos grupos anteriores. Tampouco deben quedar na zona obstaculizando o paso.

### Educación Secundaria:

- A distancia entre alumnos/as será, como mínimo, de 1,5 m.
- En cada aula caberán menos alumnos/as, así que se empregarán outras aulas do centro para acomodalos (usos múltiples e tecnoloxía, por exemplo).
- Mantense o mesmo horario de entradas e saídas, tanto polas mañás como polas tardes.
- Os recreos faranse en espazos diferenciados para un máximo de 30 alumnos/as.



Estas medidas que temos que adoptar pretenden evitar aglomeracións. No interior do noso centro hai máis de 550 persoas ao longo da xornada escolar, que xunto coas familias que veñen a recoller ao alumnado, fan un número moito maior. Toda esa cantidade de persoas vanse mover polas inmediacións do centro nun intervalo corto de tempo. Polo tanto, queremos solicitar a colaboración das familias con medidas como a puntualidade e a recomendación de que se acerquen ao centro educativo andando para tentar facer un desaloxo da zona moito máis rápido.

A colaboración de todos é fundamental para saír da situación na que nos atopamos.

Saúde e saúdos.

Miño, 5 de setembro de 2020

O equipo directivo